

A inocencia e os sentimentos puros e nobres da infancia á beira do máxico e marabilloso que caracteriza a literatura infantil son dous dos aspectos máis salientables desta pequena novela para escolares de primaria de Rivadulla Corcón. Dela cómpre tamén subliñar a mestría do au-

tor, quen, valéndose da primeira persoa do narrador protagonista, artella unha historia chea de personaxes completos aos que rematamos coñecendo tamén no campo psicolóxico que é narrada dunha maneira moi viva, introducindo todos os datos que podan resultar interesantes para o desenvolvemento dos feitos dun xeito natural. Datos todos presentados nun tempo e nun espazo coñecidos ou familiares para todos os lectores, Muxía na actualidade, polo que poderíamos pensar nunha historia de corte realista, que si o é, mais que tamén está chea dunha fantasía que se apoia nos sentimentos.

A serea é o ser mitolóxico cheo de misterio e maxia co que o protagonista da historia, Varucho,

vai identificar a nena da que namora, Almudena, unha rapaza que acaba de chegar á escola e que vai nunha cadeira de rodas. Quere conquistala apoiándose nas boas intencións, nos bos pensamentos e, sobre todo e despois de ser aconsellado pola súa mestra e fascinado por Bernardino Graña, na poesía. Un xo-

Fervenza de sensacións

Unha historia coherente

PAULA FERNÁNDEZ



go de envío de poemas do máis romántico fará que as diferenzas e os malos entendidos desaparezan e acaben finalmente por triunfar os sentimentos máis fondos dos protagonistas. Ademais do amor, a amizade e a solidariedade son tamén protagonistas. Varucho conta con amigos, encargados de aconsellalo e axudalo na súa loita por achegarse á case que inalcanzable Almudena. Polo que é doado deducir que unha fervenza de sensacións anega o libro, e efectivamente é así dende o momento en que Varucho olla por primeira vez a Almudena. As dores de estómago e o nerviosismo propios destas típicas situacións de namoramen-

to case nos fan esquecer que Varucho é un rapaz de terceiro, amósasenos maduro mais a inocencia e as decisións que ás veces toma, cargadas de boa intención mais algo inapropiadas, volven lembrárnolo e fascinarnos ao tempo que lemos e os rapaces e rapazas lerán gozando dela. Disfrutando da que de seguro será unha desas primeiras novelas que os acompañará dende a etapa máis infantil cara á preadolescente, algo presente na historia e na súa narración.

Fóra de infantilismos, o autor trata aos lectores e lectoras con respecto e madurez regalándolles unha novela seria, cunha historia coherente, perfectamente adaptada ao seu grao de competencia lectora e moi fermosa e agradable dende o punto de vista estético. As comparacións e identificacións feitas, así como a candidez e a dozura da narración, definidas á perfección na imaxe final da cola de serea de neopreno, rematan deixando un moi bo gusto na mente dos que se achegan ás súas páxinas.

RIBADULLA CORCÓN,
X.H. Amar unha serea, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 11,60 €